

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación.*

A decisión da Comisión 2006/133/CE, do 13 de febreiro de 2006, pola que se exige aos Estados membros que adopten con carácter temporal medidas contra a propagación de *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al. (en adiante, *B. xylophilus*), establece as medidas que deben ser adoptadas para previr a introdución da antedita praga en territorio declarado libre desta. Detectada a presenza do nematodo en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre a erradicación dos focos co fin de protexer as nosas masas de plantas sensibles e de que non causen serios prexuízos ao sector forestal de Galicia.

Mediante resolución do director xeral de Producción Agropecuaria do 17 de novembro, declarouse a presenza do nematodo nunha árbore nas coordenadas N 42° 08' 08,7" e W 8° 26' 38,3" correspondentes a un punto de prospección da malla de 2 km×2 km nun terreo forestal do concello das Neves (Pontevedra), e establecéronse as primeiras medidas encamiñadas á non propagación do brote. Unha vez adoptadas estas primeiras medidas cautelares, cómpre establecer un plan máis amplo que recolla todas as medidas previstas para a erradicación.

O obxecto deste decreto é declarar de utilidade pública as tarefas de erradicación do *B. xylophilus* e establecer as medidas que deben ser adoptadas para evitar a súa propagación.

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, indica que é o propietario o responsable das tarefas de erradicación pero permite que cando concorren determinadas circunstancias sexa a Administración a que poida executar os traballos subsidiariamente logo de declarar de utilidade pública a erradicación da praga.

Logo de terse concedido un prazo para que os propietarios efectuasen as tarefas de erradicación e valorasen os produtos forestais das súas parcelas, cómpre que a Administración interveña naquelas parcelas que non teñan sido obxecto de erradicación sen prexuízo de arbitrar os medios para que as parcelas proporcionen o maior rendemento para os seus propietarios mediante a racionalización das cortas, poxas de madeira e emprego de medios propios para a organización dos traballos de transporte, a destrución ou a conversión en estelas da madeira.

A declaración de utilidade pública está xustificada dado o risco potencial da praga nunca antes detectada na nosa comunidade autónoma. Por outra banda, o estado de abandono de moitas das parcelas,

a non presenza dos propietarios na zona e a parcelación da propiedade nesta zona faría que a non intervención da Administración comporte que moitas parcelas non fosen cortadas polos seus propietarios e podería producirse a extensión do brote a zonas limítrofes, e sería entón imposible o seu control.

Neste decreto descríbense tamén as medidas que se adoptarán para a erradicación do foco e as restricións ao movemento de produtos forestais para evitar a súa extensión.

O Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulamentan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional, definía un marco normativo para as indemnizacións aos agricultores ou silvicultores cuxos cultivos estivesen afectados por pragas aínda non establecidas no territorio nacional. Estas indemnizacións están referendadas, así mesmo, na Lei de sanidade vexetal e contan cun financiamento de ata o 50% por parte do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (en adiante, MARM) nas correspondentes conferencias sectoriais.

Establécese un marco regulador para o outorgamento desas compensacións aos produtores aos cales se lle destrúen vexetais debido á presenza de pragas de corentena. O Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas estatais para pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas, e polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001, ofrece no seu artigo 10º a posibilidade de indemnizar os agricultores afectados por enfermidades das plantas cando estas fosen causadas por unha praga declarada oficialmente e de erradicación obrigatoria.

Polo anterior, por proposta da persoa titular da Consellería do Medio Rural, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e oito de xaneiro de dous mil once,

**DISPOÑO:**CAPÍTULO I  
DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto do decreto.*

Este decreto ten por obxecto:

1. Adoptar as medidas para evitar a propagación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al.

2. Declarar de utilidade pública a loita para a erradicación do citado organismo.

## CAPÍTULO II

## MEDIDAS PARA CONSEGUIR A ERRADICACIÓN DA PRAGA

Artigo 2º.-*Medidas que deben ser adoptadas para a erradicación do brote.*

## 1. Delimitación da área demarcada.

En cumprimento da Decisión 2006/133/CE da Comisión, das indicacións do grupo de traballo da Comisión sobre medidas de sanidade vexetal relativas aos bosques, e da Norma EPPO/OEPP PM 9/1(2) sobre *B. xylophilus* e os seus vectores e dado que, polo momento, non se atoparon novos brotes, a zona na cal *B. xylophilus* está presente redúcese a un punto, e por conseguinte ao redor das coordenadas do punto positivo atopado establécese unha zona tampón de 20 km de raio. En consecuencia, queda inicialmente delimitada a área demarcada (B) como a área comprendida no interior dun círculo de 20 km de raio cuxo centro é a árbore atopada positiva.

Na zona tampón e ao redor da árbore atopada positiva establécense en forma concéntrica unha primeira área de 1,5 km de radio (zona de corta preventiva, A), unha segunda área entre 1,5 e 3 km (zona de seguimento intensivo, C) e unha terceira área entre 3 e 20 km (resto da zona tampón, D).

## 2. Eliminación das árbores infectadas.

Corta e eliminación por incineración *in situ* da árbore infectada e as seis árbores que formaban parte da mostra atopada positiva, así como todos os restos da corta producidos.

Artigo 3º.-*Medidas de erradicación e de seguimento.*

1. Corta preventiva de árbores de plantas sensíbles, recollidas no anexo I deste decreto, ao redor da árbore positiva.

Na zona de corta preventiva (A) delimitada por un círculo dun raio de 1,5 km ao redor do punto detectado positivo inicialmente desenvolverase durante os próximos meses e antes do 1 de abril de 2011, se é posible, a corta e eliminación de todas as plantas sensíbles.

2. Mostraxe e eliminación das árbores de plantas sensíbles sintomáticas da área demarcada.

Na área demarcada (B) realizarase unha prospección de árbores de plantas sensíbles que mostren síntomas de estar afectadas polo *B. xylophilus*, mediante inspeccións visuais e un labor de eliminación das ditas árbores sintomáticas. Recolleranse mostras na copa e no tronco das ditas árbores unha vez cortadas polo pé para determinar a posible presenza de *B. xylophilus*.

As árbores con síntomas de decaemento como resultado da presenza doutras pragas ou doenzas non estarán cubertas coa medida, aínda que se eliminarán como medida preventiva fronte á expansión do *Monochamus*.

Artigo 4º.-*Prospeccións sistemáticas da zona tampón.*

As actuacións de seguimento e vixilancia do *B. xylophilus* desenvolveranse ata o 2013, de acordo cos seguintes criterios:

1. Na zona de seguimento intensivo (C) comprendida entre 1,5 e 3 km de raio do foco inicial establecerase unha malla de 200 m×200 m, e obteranse uns 329 puntos de mostraxe. Na malla realizarase a prospección visual quincenalmente entre o 2 de abril e o 31 de outubro de 2011 e repetirase nas mesmas datas en anos sucesivos. Fóra deste período, a prospección visual realizarase polo menos dúas veces ao ano. Así mesmo, recollerase unha mostra composta das árbores asintomáticas que estean en torno ao punto da malla para a detección da posible presenza de *B. xylophilus* dúas veces ao ano.

2. No resto da zona tampón (D) estableceranse dous tipos de redes de puntos:

a) Entre os 3 e os 5 km: desde o punto inicial aplicarase unha malla de 1 km×1 km, e obteranse 26 puntos de mostraxe. Así mesmo, farase a correspondente prospección visual no período comprendido entre o 2 de abril e o 31 de outubro de 2011, e polo menos unha vez no período comprendido entre 1 de novembro de 2011 e 1 de abril de 2012, e repetirase nas mesmas datas en anos sucesivos. Recollerase cada ano unha mostra composta das árbores asintomáticas que estean en torno ao punto da malla para a detección de posible presenza de *B. xylophilus*, unha vez ao ano.

b) Entre os 5 e os 20 km: desde o punto inicial aplicarase unha malla de 2 km×2 km, e obteranse 86 puntos de mostraxe. Así mesmo, farase a correspondente prospección visual, que se fará polo menos unha vez ao ano no período comprendido entre o 2 de abril e o 31 de outubro de 2011. Recollerase unha mostra composta das árbores asintomáticas que estean en torno ao punto da malla para a detección de posible presenza de *B. xylophilus*, unha vez ao ano nas anualidades do 2011, 2012 e 2013.

3. Complementariamente, tomaranse mostras para a posible identificación de *B. xylophilus* nas árbores asintomáticas situadas na contorna inmediata das trampas de *Monochamus* que presenten un elevado nivel de capturas e na contorna das árbores sintomáticas atopadas.

4. As mostraxes de material susceptible realizaranse sempre na metade inferior do tronco (árbores en pé) ou mediante mostra composta na totalidade da árbore (árbores cortadas ou abatidas).

Artigo 5º.-*Eliminación da madeira da área demarcada.*

1. Procedente da zona de corta preventiva (A), delimitada por un círculo de 1,5 km de raio ao redor da árbore positiva:

Durante o período do 1 de novembro de 2010 ao 1 de abril de 2011 aplicarase o disposto na letra b) do

número 2 do anexo da Decisión 2006/133/CE da Comisión, do 13 de febreiro:

a) Madeira de árbores sintomáticas:

Eliminación das árbores con síntomas ou en decaemento de plantas sensibles, mediante a corta, extracción, conversión en estelas e incineración.

b) Madeira de árbores asintomáticas:

Eliminación das árbores asintomáticas de plantas sensibles, mediante a corta, extracción, transporte e procesamento nunha industria da madeira ou instalación capacitada para iso, radicada na zona demarcada. Os labores realizaranse baixo control oficial, garantíndose a rastrexabilidade do movemento, a seguridade deste para evitar riscos de contaminación, o almacenamento en zonas debidamente illadas en destino previo ao seu tratamento e o procesamento do material o máis axiña posible. Excepcionalmente e logo de autorización emitida pola autoridade sanitaria, poderá ter outro destino fóra da área demarcada sempre que as industrias de destino estean notificadas á Comisión.

No caso de que o proceso de eliminación da madeira procedente da zona de corta preventiva non puidese completarse antes do 1 de abril de 2011, aplicaranse as seguintes medidas:

i) Madeira obtida de árbores sintomáticas:

-Destrucción inmediata por incineración baixo control oficial en lugares adecuados ou conversión en estelas para ser trasladada baixo control oficial a instalacións industriais para a súa utilización enerxética.

ii) Madeira obtida de árbores asintomáticas:

-A Administración adoptará as medidas sanitarias que considere oportunas para garantir a eliminación da madeira no prazo máis curto posible.

2. Procedente de cortas na área comprendida entre 1,5 e 20 km.

A corta polos silvicultores de madeira de plantas sensibles na zona de seguimento intensivo (C) e no resto da zona tampón (D) da área demarcada está suxeita á «autorización de corta para zona demarcada de corentena fitosanitaria», coas seguintes restricións:

a) Madeira de árbores sintomáticas:

A eliminación das árbores en decaemento de plantas sensibles, mediante a corta, extracción, conversión en estelas e procesamento. Destas árbores tomaranse mostras para comprobar a existencia ou non de *B. xylophilus*. Todos os labores se realizarán baixo control oficial.

b) Madeira de árbores asintomáticas:

A madeira de árbores asintomáticas está suxeita a autorización de corta. Antes da corta verificarase mediante a inspección visual e a toma de mostras precisas, no caso de dúbidas, por parte dos inspectores de sanidade vexetal dos servizos territoriais de

explotacións agrarias, que a madeira non está contaminada e que os medios destinados para o seu transporte e o destino da madeira non supoñen un risco.

Eliminación das árbores asintomáticas de plantas sensibles, mediante a corta, extracción, transporte e procesamento nunha industria da madeira ou instalación capacitada para iso, radicada na zona demarcada. Os labores realizaranse baixo control oficial, garantíndose a rastrexabilidade do movemento, a seguridade deste para evitar riscos de contaminación, o almacenamento en zonas debidamente illadas en destino previo ao seu tratamento e o procesamento do material o máis axiña posible. Excepcionalmente, e logo de autorización emitida pola autoridade sanitaria, poderá ter outro destino fóra da área demarcada, sempre que as industrias de destino estean notificadas á Comisión.

*Artigo 6º.-Eliminación da cortiza e restos de corta na área demarcada.*

Nas zonas de corta preventiva (A), de seguimento intensivo (C) e resto da zona tampón (D) aplicarase para a cortiza e os restos de cortas o disposto respectivamente nas letras d) e e) do número 2 do anexo da Decisión 2006/133/CE da Comisión do 13 de febreiro.

Estas medidas son as seguintes:

1. Cortiza sensible:

-Será destruída por incineración ou empregada como combustible nunha instalación industrial.

-Sometida a tratamento térmico a un mínimo de 56° C durante 30 minutos.

2. Madeira sensible en forma de residuos producidos no momento da corta: será queimada en lugar axeitado ou reducida a pezas menores de 3 cm de grosor e lonxitude, caso en que poderá deixarse no lugar de produción:

-Entre o 1 de novembro e o 1 de abril de cada ano, dentro dese período.

-Entre o 2 de abril e o 31 de outubro de cada ano, inmediatamente tras a corta.

*Artigo 7º.-Minimización do risco nas cachopas.*

As árbores cortaranse ao nivel do chan para minimizar o risco da posta do insecto vector na parte da madeira restante, especialmente cando se trate de exemplares de pequeno diámetro.

*Artigo 8º.-Serradoiros e outras industrias da madeira.*

1. Logo do levantamento da inmovilización cautelar determinada pola resolución da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria do 17 de novembro de 2010, toda a madeira dos parques das industrias da madeira ou as embalaxes deste material para saír da zona demarcada deberán ser tratadas nunha das industrias autorizadas de acordo, respectivamente, coas letras b) e d) do número 1 do anexo da Decisión 2006/133/CE da Comisión, mediante o tratamento térmico axeitado de forma que a temperatura

central da madeira alcance un mínimo de 56° C durante 30 minutos e deberá ir acompañada dun pasaporte fitosanitario de conformidade co artigo 7º.1 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, ou no caso de embalaxes coa marca NIMF 15.

2. As inspeccións oficiais das instalacións das industrias da madeira autorizadas para efectuar o tratamento térmico da madeira, e para expedir os pasaportes fitosanitarios ou a marca da NIMF 15, levaranos a cabo de maneira continua para verificar a eficacia dos tratamentos e a rastrexabilidade da madeira presente nos parques os inspectores competentes en industrias e de sanidade vexetal.

Para a verificación das actuacións dos movementos da madeira por parte dos inspectores, os serradoiros da zona demarcada deberán:

a) Identificar e rexistrar as entradas de madeira nos parques e a orixe destes.

b) Arquivar as autorizacións de corta e documentos de acompañamento da madeira procedente da zona demarcada ou de fóra desta.

c) Facer unha almacenaxe da madeira que permita a súa clasificación en lotes o máis homoxéneos posibles e a súa mostraxe.

d) Gardar os rexistros de todos os tratamentos térmicos efectuados e unha listaxe que os relacione cos lotes expedidos polas industrias, así como o resto das medidas previstas para poder empregar a marca da NIMF 15.

e) Rexistrar as partidas de madeira expedidas con pasaporte fitosanitario.

f) No caso dos serradoiros que non dispoñan de forno, deberán poder acreditar que a madeira foi tratada correctamente na industria en que se lle dese o tratamento.

*Artigo 9º.-Movemento de plantas, embalaxes de madeira, subprodutos, estelas e outros.*

1. Prohíbese a saída da zona demarcada de plantas, madeira, cortiza, embalaxes, subprodutos e calquera outro material de madeira de plantas sensibles sen os controis oficiais que garantan que están libres da praga coa correspondente documentación acreditativa. No caso da madeira, cortiza, subprodutos de industrias da madeira ou calquera outro material de madeira, requirirase un tratamento térmico de 56° C, no corazón da madeira, durante 30 minutos, e o correspondente pasaporte fitosanitario.

2. Excepcionalmente e logo de autorización emitida pola autoridade sanitaria, poderá ter outro destino fóra da área demarcada, sempre que as industrias de destino estean notificadas á Comisión.

3. No que se refire a embalaxes de madeira deberán cumprir cos requisitos da NIMF 15. Os vexetais e produtos vexetais sensibles serán sometidos ás medidas de control oficial de acordo coa Decisión 2006/133/CE e deberán levar pasaporte fitosa-

nitario, de conformidade co artigo 7º.1 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

*Artigo 10º.-Control nas estradas do material vexetal.*

Efectuaranse controis de estradas para levar a cabo as inspeccións de materia vexetal de acordo co disposto nos artigos 48º, 49º e 50º da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. Estas inspeccións realizaranse nas infraestruturas viarias da zona, inspeccionando os envíos de madeira ou outro material vexetal sensible, así como o material de embalaxe de madeira de calquera tipo de envío comercial. No curso da inspección disporase de información sobre a praga para distribuír aos vehículos obxecto de inspección. O control de madeira e de material de embalaxe de madeira incrementárase respecto dos niveis habituais ata que se chegue a garantir o máximo nivel posible de control fitosanitario na zona.

*Artigo 11º.-Actuacións de comunicación e xestión do brote.*

1. Crearase, polo menos, un punto de información na contorna da área afectada con presenza, como mínimo semanal, de técnicos da Comunidade Autónoma de Galicia para achegar información e auxiliar os propietarios forestais e industrias da madeira nas actuacións derivadas da erradicación do brote. Nese punto daráselles aos interesados folletos divulgativos sobre a praga e as medidas que deben ser adoptadas para combatila.

2. Realizaranse como mínimo unhas xornadas informativas nos principais concellos afectados, destinadas a divulgar entre os propietarios forestais, as industrias e demais operadores afectados, así como o público en xeral, as actuacións de loita contra o *B. xylophilus*, como actuar no caso de estar afectado e informar dos traballos que se están realizando por parte da Administración para a súa erradicación.

*Artigo 12º.-Trampas masivas de Monochamus spp.*

Dada a importancia do insecto vector *Monochamus spp* na transmisión do *B. xylophilus* estableceranse tres redes de 100 trampas ao redor dos km 1, 3 e 10 da árbore positiva, a partir da época en que o insecto comeza o seu voo (aproximadamente o 15 de maio de cada ano), substituiranse cada 40 días os cebos específicos para a súa captura e analizaranse todos os insectos capturados deste xénero para comprobar a existencia ou non de *B. xylophilus*.

*Artigo 13º.-Identificación do persoal.*

En todas as tarefas de prospección ou erradicación o persoal das empresas adjudicatarias dos traballos ou das entidades públicas que participen neles irán debidamente identificados e acreditados pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. Así mesmo, o persoal inspector estará en posesión do carné que o acredite nestas funcións expedido pola autoridade correspondente.



Artigo 14º.-*Actuacións en relación con Portugal.*

Instarase o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño para que no marco das súas competencias en materia de sanidade exterior se establezan, de acordo coas autoridades de Portugal, os contactos necesarios para o seguimento e coordinación das medidas fitosanitarias para desenvolver na área demarcada, mediante a creación dunha comisión bilateral.

Artigo 15º.-*Continuación co plan anual de prospeccións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Sen prexuízo da observación do disposto no plan de acción aprobado pola Comisión, continuarán os traballos de prospección e inspección que se veñen levando a cabo todos os anos en cumprimento do artigo 4º da Decisión 2006/133/CE, e segundo as directrices establecidas no Protocolo CE (2009) de prospeccións de *B. Xylophilus*, mediante controis en:

1. Masas forestais en puntos segundo as diferentes mallas establecidas.
2. Serradoiros e outras industrias da madeira.
3. Contorna dos serradoiros e outras industrias da madeira.
4. Puntos de inspección de fronteira (PIF).
5. Contorna dos PIF.
6. Masas con decaemento, estradas e zonas de incendios.

Artigo 16º.-*Declaración de novos focos.*

Cando como consecuencia das prospeccións nas masas forestais na zona demarcada aparecen novos focos, que se declararán mediante resolución do director xeral de Producción Agropecuaria, serán de aplicación as medidas establecidas neste decreto.

Artigo 17º.-*Movimentos de subprodutos.*

1. No período do 1 de novembro ao 31 de marzo observarase o disposto no artigo 9º.
2. No período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de outubro de cada ano, ata a declaración da erradicación do foco, só se permitirá a súa saída da zona demarcada baixo control oficial en forma de estelas ou partículas de menos de 3 cm en camiós pechados para o seu procesamento nas 24 horas seguintes á súa recepción.

CAPÍTULO III

DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA

Artigo 18º.-*Declaración de utilidade pública.*

1. Declárase en virtude das letras a), c) e d) do artigo 15º da Lei 43/2002, do 21 de novembro, de sanidade vexetal, a utilidade pública da loita contra o *B. xylophilus*.

2. As medidas adoptadas por este decreto serán realizadas polos titulares do aproveitamento nos prazos sinalados pola normativa de aplicación. Se non se adoptasen nos ditos prazos, a Administración poderá proceder á súa execución de forma subsidiaria.

Artigo 19º.-*Execución dos traballos polos interesados.*

1. Aqueles propietarios que realicen os traballos de erradicación pola súa conta e sempre que cumpran coas medidas sanitarias previstas, serán beneficiarios dunha indemnización *in natura*, correspondente aos traballos de retirada e procesamento, conforme as medidas sanitarias descritas neste decreto, dos restos vexetais non madeirables que queden nas parcelas e que non sexa de interese a súa valorización, así como o tratamento fitosanitario das cachopas, se é o caso. Nestes casos a solicitude de corta será considerada como solicitude de indemnización.

2. O conselleiro, por proposta da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, resolverá expresamente antes de seis meses da finalización dos traballos a que se refire o número anterior, sobre a realización das tarefas de limpeza e desinfección, determinantes da indemnización *in natura* concedida.

Artigo 20º.-*Execución dos traballos pola Administración e resolución.*

1. No caso de desistencia do propietario de realizar as tarefas de erradicación, ou ben porque se teñan decretado de utilidade pública os traballos de erradicación, a Administración realizará os traballos silvícolas con medios propios ou mediante contratos con empresas do sector. Nestes casos, procederase á venda dos produtos forestais para un uso compatible coa erradicación do foco, favorecéndose os procedementos de erradicación en que se obteña o máximo rendemento do produto retirado da parcela silvícola compatibles coa máxima sanidade do proceso, rapidez e eficiencia das tarefas de erradicación.

Nestes supostos, do importe da venda descontarase todos os custos dos traballos realizados pola Administración, excepto os custos dos traballos de retirada e procesamento conforme as medidas sanitarias, dos restos vexetais non madeirables que queden nas parcelas, así como o tratamento fitosanitario das cachopas, se fose o caso, que serán asumidos pola Administración.

2. Logo da valoración inicial para cubicar a masa forestal da zona de erradicación realizada pola Administración ou mediante contratos con empresas do sector, e logo da extracción da madeira, farase constar nunha acta o volume extraído de cada parcela. O propietario poderá facer constar nesta acta as alegacións que considere oportunas sobre as cantidades de madeira ou as súas calidades. As convocatorias dos propietarios para a antedita avaliación faranse por escrito nos puntos de información e referidas aos titulares catastrais das diferentes subzonas en que se partirá virtualmente a área de erradicación

para os efectos de execución dos traballos da erradicación subsidiaria. Estas convocatorias realizaranse cunha semana de antelación. As actas estarán dispoñibles para a súa sinatura nun momento posterior, ata 2 meses despois de que se levantasen.

3. Materializada a venda da madeira, entregarase o seu importe aos interesados logo da oportuna resolución do conselleiro en que constarán os valores acadados pola venda e os custos dos traballos realizados pola Administración.

O prazo para ditar esta resolución é de seis meses tras o levantamento da acta de valoración.

4. As cantidades que puidese devengar pola madeira presente nas parcelas afectadas poderán ser reclamadas á Administración nos prazos establecidos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

#### Artigo 21º.-*Recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación deste decreto esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107º, 116º e 117º da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa.

#### Artigo 22º.-*Dotación económica.*

A dotación económica para as medidas previstas neste decreto adaptárase en cada exercicio ás dispoñibilidades orzamentarias existentes.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá participar con cargo aos seus orzamentos na porcentaxe que se indique para sufragar os gastos ocasionados.

#### Artigo 23º.-*Modificación das medidas de erradicación.*

Cando houbese que modificar algunha das medidas establecidas neste decreto debido á extensión do foco ou a novas obrigas impostas polas autoridades comunitarias, as modificacións poderán recollese nunha orde da Consellería do Medio Rural, agás que supoñan un cambio radical nas anteditas medidas. Nese caso, faríase mediante un decreto, de igual maneira que cando se levanten as medidas recollidas neste decreto por terse erradicado o foco.

#### *Disposición adicional*

Única.-As medidas establecidas neste decreto ditas ao abeiro da Decisión da Comisión 2006/133/CE, do 13 de febreiro, e da Lei 43/2002, de sanidade vexetal, poderán verse complementadas ou substituídas polas medidas que estableza a Comisión na aprobación do Plan de acción para a erradicación e o control do nematodo da madeira do piñeiro en Galicia co obxecto de mellorar os resultados na loita contra o nematodo e posibilitar a minoración do dano ao sector.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro do Medio Rural para ditar os actos e instrucións necesarios para a execución deste decreto.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e oito de xaneiro de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

#### *ANEXO*

#### Plantas sensibles:

As plantas, excepto os seus froitos e sementes, de *Abies Mill*, *Cedrus trew*, *Larix Mill*, *Picea A. Dietr.*, *Pinus L.*, *Pseudotsuga Carr.* e *Tsuga Carr.*

*Resolución do 20 de xaneiro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se convocan as probas para a obtención do certificado de capacitación para o adestramento de cans no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos dedica o seu capítulo IV á regulación do adestramento.

Con data do 24 de outubro de 2002 publícase no *Diario Oficial de Galicia* nº 206 a Orde do 16 de outubro de 2002 pola que se determinan os títulos que habilitan para a expedición directa do certificado de capacitación para o adestramento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde establece no seu anexo os títulos que se estiman suficientes para a expedición directa do certificado